

INTRODUCCIÓN:

Os “Trastornos do Espectro Autista” (TEA) constitúen todo un desafío para as persoas afectadas e para as súas familias, para os e as profesionais que traballan con elas, así como para a sociedade en xeral, tanto por mor da súa diversidade, como pola complexidade das súas características.

No eido que nos ocupa, a psicoloxía educativa, moitos e moitas profesionais teñen que intervir con este alumnado, sexa directa ou indirectamente, sexa de xeito habitual ou esporádico, coa fin de acadar melloras nas dificultades que experimentan, na súa inclusión e en definitiva, no seu benestar.

Nesta xornada, abordaremos os TEA desde unha perspectiva holística e aplicada, tratando, por unha banda, a súa dimensión emocional e as súas repercusións a este nivel, proporcionando ferramentas que faciliten o benestar emocional e por outra, a súa dimensión educativa, coas repercusións no eido escolar, achegando recursos e estratexias organizativas nos centros que promovan a inclusión deste alumnado.

METODOLOXÍA:

Metodoloxía participativa e práctica, baseada no emprego de casos e experiencias reais.

XORNADA: ESTRATEXIAS PARA A INTERVENCIÓN E INCLUSIÓN PSICOEDUCATIVA DO ALUMNADO CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA

Nome:

Tfno.:

Enderezo:

Cidade e C.P.:

Profesión:

E-mail:

Centro de traballo:

Data:

Nº de colexiado/a:

¿É socio/a da Sección de Psicoloxía Educativa? Si Non

XÚNTESE A ESTE BOLETÍN COPIA DA TRANSFERENCIA A ABANCA,
IBAN: ES64 2080 0316 2330 4000 8164

De acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámosche de que no Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia existe un ficheiro co nome de “Actividades e servizos para os/as colexiados/as” no que se incluírán os teus datos profesionais e persoais unha vez inscrito/a no curso. A finalidade do mesmo é a xestión e tramitación das actividades e servizos que o Colexio che presta. A súa utilización e destino é exclusivamente colexial e para organismos afíns a este Colexio.

Non autorizo ao COPG a facer uso das fotografías, xa sexan individuais ou en grupo, nas que apareza a miña imaxe, realizadas nas distintas actividades nas que participe, para ser publicadas na páxina web do Colexio, prensa, exposicións, revistas ou demais publicacións que realice o Colexio. No caso de non aceptar o uso descrito marca o cadro.

Poderás exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición mediante comunicación, ou para revocar o teu consentimento, dirixíndose ás nosas dependencias na Rúa Espiñeira, 10-Baixo, 15706 Santiago de Compostela, ou ben enviando un correo electrónico a copgalicia@copgalicia.gal

Boletín de inscrición



XORNADA: ESTRATEXIAS PARA A INTERVENCIÓN E INCLUSIÓN PSICOEDUCATIVA DO ALUMNADO CON TRASTORNOS DO ESPECTRO AUTISTA

Relatoras:

Marlene Horna Castiñeiras
Beatriz López Pires
Amelia Lago Andión

Organiza:

Sección de Psicoloxía Educativa do
Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

Coordinadora:

Nuria Lago Fernández



Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

DATA:

Venres, 3 de febreiro de 2017.

LUGAR:

Salón de Actos do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

PRAZAS:

45.

HORARIO:

De 16:30 a 19:30 horas.

PREZOS:

Membros da Sección de Psicoloxía Educativa, Psicólogos/as desempregados/as e estudantes de 5º de licenciatura ou 4º grao en psicoloxía:	10 €
Psicólogos/as colexiados/as:	20 €
Non colexiados/as:	40 €

INSCRICIÓN:

Directamente nos locais do Colexio ou ben remitindo copia da transferencia bancaria a nome do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, conta corrente número ES64 2080 0316 23 3040008164 de ABANCA, oficina 0316 de Santiago de Compostela.

Na admisión respectarase rigorosamente a orde de entrada, para o que se terá en conta tanto a data de rexistro de entrada das solicitudes enviadas por correo ordinario, fax, correo electrónico, banca on line ou entregadas persoalmente na sede do Colexio no momento de recibilas, como a data de certificación de Correos no momento de envalas cando se empregue ese medio.

A xornada terá un mínimo de asistentes, tendo preferencia os/as psicólogos/as colexiados/as, podendo suspendelo o Colexio no caso de non obter un número de suficientes inscricións.

Ao día seguinte de rematar o prazo de inscrición comunicárase por e-mail a admisión ou non admisión.

Ao finalizar a xornada entregarase o correspondente certificado de asistencia, para o que será necesario ter asistido ao 80% das sesións.

Non se poderá anular a inscrición nin se devolverá o importe da matrícula fóra do prazo sinalado para a inscrición.

Deberase estar ao corrente no pago das cotas colexiais. Para as tarifas de parado/a, axuntarase **informe de situación administrativa actual ou informe demandante de emprego**, asinado polo responsable da oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia con data actual e a **tarxeta de demandante de emprego**. Os/As estudantes de 5º de Psicoloxía ou de 4º de Grao de Psicoloxía terán que presentar copia da matrícula. Os/As psicólogos/as non colexiados/as deberán presentar o título de licenciatura.

Último día de inscrición: **25 de xaneiro de 2017.**

PROGRAMA:

De 16:30 - 18:30 horas:

“Estratexias xerais de intervención educativa en persoas con Trastorno do Espectro Autista (TEA)”:

- Comprendo ás persoas con TEA e a súa enorme diversidade.
- Benestar emocional en persoas con TEA.
- Principais intervencións educativas xerais en alumnado con TEA.

De 18:30 - 19:30 horas:

“Estratexias inclusivas do T.E.A nun centro ordinario”:

- Estratexias a nivel de centro:
 - o Organización: espazos, recursos persoais...
 - o Visibilización e concienciación.
- Estratexias a nivel da aula:
 - o Dinámica de aula.
 - o Recursos materiais.
 - o Recursos persoais.
- Coordinación da comunidade educativa.

RELATORAS:

MARLENE HORNA CASTIÑEIRAS

Licenciada en Psicoloxía Clínica e Social, Diploma de Estudos Avanzados e Máster en Atención Temperá pola Universidade de Santiago de Compostela. Durante varios anos, traballou realizando diagnóstico, intervención, orientación e formación na Unidade de Atención Temperá da Universidade de Santiago de Compostela. Continuou o seu labor profesional como orientadora técnica no equipo da asociación ASPANAES. Na actualidade, traballa de xeito particular e na asociación BATA, dando apoio a persoas con Trastorno do Espectro de Autismo (TEA) e as súas familias nas súas contornas naturais (fogar, escola, comunidade). É membro de AETAPI (Asociación Española de Profesionais do Autismo). Posúe unha dilatada experiencia como formadora en multitude de cursos promovidos por diversas asociacións, institucións e universidades.

BEATRIZ LÓPEZ PIRES

Diplomada en Maxisterio e Licenciada en Económicas pola Universidade de Vigo. Na actualidade, exerce o seu labor profesional como titora de Ed. Primaria no C.E.P. Santa Mariña de Redondela. Desde o curso escolar 2013/14 é coordinadora e integrante dos Grupos de Traballo: “Estratexias e elaboración de material en nenos TEA”, “Elaboración e adaptación de materiais para alumnado con TEA”, “TEA e TDAH: estratexias e elaboración de materiais” e “Búsquedas de recursos para alumnado TEA na rede”. Participou no PFPP “Plataformas virtuais de aprendizaxe”, CEIP Randufe de Tui, con “Experiencias inclusivas no CEP Santa Mariña contadas no CEIP de Randufe”. Ademais, colabora no blog “Alto alto como una montaña” con artigos sobre materiais e actividades que fan posible a inclusión, dito blog recibiu o 2º premio da categoría 2 de GSD de innovación educativa.

AMELIA LAGO ANDIÓN

Diplomada en Maxisterio pola Universidade de Santiago de Compostela e Especialista en Audición e Linguaxe. Actualmente, exerce o seu labor profesional como titora de Ed. Primaria no CEP Santa Mariña de Redondela. Desde o curso 2013/14 é integrante dos grupos de traballo: “Estratexias e adaptación de material para nenos con TEA”, “Elaboración e adaptación de materiais para alumnado con TEA” e “TEA e TDAH: Estratexias e elaboración de materiais”. Foi docente no CEIP Randufe de Tui con “Experiencias inclusivas no CEP Santa Mariña”, así como na “I Xornada Andaina de Atención á diversidade”, no ano 2016.